ASINADO POR
Concelleira delegada de RRHH e Réxime Interior
Marta María Figueroa Fuentes
(Resolución Alcaldía nº1260 de 4.07.23, BOP A Coruña nº131 de 11.07.23
19/03/2025

ASINADO POR
O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
19/03/2025

RESOLUCIÓN

Asunto: aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, nomeamento da comisión de avaliación e convocatoria das probas selectivas.

O día 12 de marzo de 2025 rematou o prazo de presentación de instancias solicitando tomar parte na convocatoria realizada por este concello, para cubrir os postos de traballo de mestra/e (persoal laboral temporal) necesarios para impartir os módulos formativos MF0257_1, MF0258_1 E MP0015 da especialidade HOTR0208-Operacións básicas de Restaurante e Bar do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K), ano 2024

Na convocatoria especifícase que a contratación do persoal estará supeditada á realización do curso e a validación dos candidatos por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

No punto 2 das bases da convocatoria establécense os requisitos que deberán reunir os/as aspirantes para ser admitidos/as no proceso selectivo.

Na solicitude o/a interesado/a, declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nela.

O día 13 de marzo de 2025 dictouse a resolución que aproba a lista provisional de admitidos e excluidos, fixando un prazo de 3 días hábiles, desde o día seguinte a súa publicación na páxina web e no taboleiro, para facer alegacións ou subsanar erros.

O día de 13 de marzo de 2025 publicouse a mencionada resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo.

O día 18 de marzo de 2025 rematou o prazo para facer alegacións ou subsanar erros sen que se presentara alegación algunha

De acordo cos antecedentes e consideracións expostos e co disposto na base 4.1 da convocatoria,

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; no Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, que aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do Sector Público por medios electrónicos; a Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica no Concello de Culleredo, e demais normativa específica de aplicación.

De conformidade coas potestades e competencias municipais dos artigos 4, 7 e 25 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL); as atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 21.1 da LBRL; así como a Resolución nº 1260 de 7.07.2023 de delegación de atribucións de alcaldía en concelleiros/as da Corporación (BOP A Coruña nº 131 de 11.07.2023).

RESOLVO**:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección de mestra/e (persoal laboral temporal) para impartir os módulos formativos MF0257_1, MF0258_1 e MP0015 da especialidade HOTR0208-Operacións básicas de Restaurante e Bar do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K), ano 2024, de acordo co seguinte detalle:

Especialidade formativa HOTRO0208-Operacións básicas de restaurante e bar do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K), ano 2024

ASINADO POR
Concelleira delegada de RRHH e Réxime Interior
Marta María Figueroa Fuentes
(Resolución Alcaldía nº1260 de 4.07.23, BOP A Coruña nº131 de 11.07.23
19/03/2025

ASINADO POR
O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
19/03/2025

ADMITIDOS/AS:

Número de orde	Apelidos e Nome	DNI
1	Neira Varela, Ainhoa	***0618**
2	Ouviña Santamaría, Mercedes	***3683**

EXCLUÍDOS/AS:

Non hai aspirantes excluídos/as.

SEGUNDO.- Nomear aos membros da Comisión de Avaliación, que terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: María Isabel Buján Bernárdez (suplente: Karina Paula Díaz Arluna)

- Vogais:

Carmen Arraña Penas (suplente: Mireia García Castro).

María José de Santiago Pérez (Suplente: Carmen Veria Baldomir).

David Suárez Rodríguez (Suplente: Pablo Bouza Suárez

- Secretario: Rafael José del Barrio Berbel (Suplente: Ana Sanmartín Ramos).

TERCEIRO.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización da fase de oposición que constará de dúas probas:

Proba 1: Contestación por escrito nun tempo máximo de media hora dunha cuestión relativa ás materias do certificado de profesionalidade.

Proba 2: Presentación e defensa dunha memoria que versará sobre a programación dun módulo do certificado de profesionalidade da especialidade para o que a/o candidata/o se presente dirixida a un grupo de 15 alumnas/os.

As probas terán lugar o día 20 de marzo de 2025 ás 10:30 horas no Centro Municipal de Formación e Emprego Pablo Picasso (Rúa Antonio Machado, SN, 15670, O Burgo, Culleredo).

CUARTO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo conforme ao artigo 45 da Lei 39/2015, e punto 4 das bases da convocatoria e comunicala aos servizos municipais afectados.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa-. Con todo, e para o caso de Administracións Públicas, non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, debendo estarse ao disposto no artigo 44 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ASINADO POR
Concelleira delegada de RRHH e Réxime Interior
Marta María Figueroa Fuentes
(Resolución Alcaldía nº1260 de 4.07.23, BOP A Coruña nº131 de 11.07.23
19/03/2025

ASINADO POR
O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
19/03/2025

Culleredo, na data da sinatura dixital

Resolución asinada ao marxe pola Concellería delegada a proposta da Xefatura de Servicio tramitadora do expediente (conforme arts. 172 e 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)

Asinada ao marxe pola Secretaría Xeral para a súa incorporación ao libro de resolucións (conforme art. 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, art. 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, e art. 177 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)